

XANEIRO 2020

CIRCULAR

281

40
años

COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Xunta de Goberno



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Coordinador coa Sección de Psicoloxía Educativa / TIC e Administración Electrónica



Ana Isabel Martínez Arranz

Secretaría / Coordinadora co Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Sandra Fernández Rodríguez

Vicesecretaría / Formación, Emprego e Desenvolvemento Profesional / Coordinadora coa Comisión de Psicoloxía do Deporte



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Servizos Colexiais



Mª del Carmen González Pais

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Fátima López Rodríguez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade / Coordinadora coa Sección de PTO



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Publicacións / Coordinador coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social



Marina Ortega Otero

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Xurídica



Socorro Rodríguez Holguín

Vogal / Relacións Académico-Profesionais



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Práctica privada / Coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador da Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde

ÍNDICE

5	Información Xeral
15	Información das Seccións
22	GIPCE
23	Comisión de Cultura
24	Comisión Intersectorial de Deporte
25	Grupo de Tráfico e da Seguridade
27	Comisión de Ética e Deontoloxía
28	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

Transformarse cos tempos

A tecnoloxía proporcionounos un radical cambio no noso modo de vida. As ferramentas da comunicación nas últimas dúas décadas evolucionaron dunha maneira evidente e con elas foron transformándose as nosas formas de relacionarnos, e tamén a lexislación incorporou estes novos contextos.

Non é momento de abordar a tecnoloxía desde unha ollada apocalíptica, senón que desde unha postura integradora, esta Xunta de Goberno decidiu apostar por seguir os tempos e mudar para aproveitar as oportunidades que brinda a tecnoloxía. Ao longo deste ano, a Comisión para a Innovación e Dixitalización do COPG estivo a desenvolver un proxecto para a transformación dixital do Colexio que neste primeiro trimestre de 2020 entrará na súa fase pública.

Trátase do maior cambio no modo de xestión e traballo administrativo da historia do Colexio, e vai moito máis alá de cumprir cunha obriga legal de adaptación á normativa vixente en materia de procedemento administrativo. Estamos transformando por completo porque cremos importante que poidamos contar cunha ferramenta tecnolóxica que simplifique toda a tramitación que realizades os colexiados e colexiadas co propio Colexio e tamén coa Administración; é dicir, que a vosa propia adaptación laboral ao contexto electrónico vaia acompañada desde o colexio profesional.

Este proceso aséntase en diversos engranaxes que xuntos configuran un sistema áxil, moderno e flexible para adaptarse ás necesidades e posibles cambios que poidan darse no futuro. Por unha banda, o COPG está en proceso de darse de alta como Autoridade de Rexistro para a emisión de certificados dixitais. Isto significa que todos aqueles colexiados e colexiadas que o desexen poderán solicitar ao Colexio o seu certificado dixital con atribución profesional, ou sexa, que o recoñece como psicólogo colexiado ou colexiada diante de calquera administración pública ou outra entidade, e así poder empregalo en todos os trámites que realice a nivel profesional, desde o seu posto de traballo, sen ter que empregar o seu certificado persoal.

Por outra banda, estase a preparar a sede electrónica, que será a nosa Administración na rede. Unha administración con todas as garantías legais que permitirá realizar unha morea de trámites sen ter que desprazarse ao Colexio: altas, baixas, participación en procedementos, inscricións etc.

E finalmente, un último aspecto que afectará á xestión interna, a través da transformación dixital de todos os procedementos administrativos grazas a unha ferramenta de xestión documental. Esta ferramenta axilizará significativamente todos os procedementos administrativos que na actualidade resultan moito máis lentos, porque se realizan de modo manual, o que permitirá simplificar as tarefas e reducir tempos e custos económicos.

Unha transformación que sitúa a Galicia como unha comunidade pioneira na dixitalización, xa que será o primeiro colexio profesional de psicoloxía do conxunto do Estado que dea este paso. É un investimento económico moi importante pero o retorno é importante tamén, porque gañamos en axilidade, en garantías legais, en oferta de servizos e, por suposto, nunha mellor relación entre o Colexio e os nosos colexiados e colexiadas, que debe constituír tamén unha prioridade na toma deste tipo de decisións.

Así que nas vindeiras semanas iremos incorporando moitas novidades e teremos puntual información para que resulte o máis sinxelo posible. Neste camiño da transformación dixital precisamos, por suposto, da túa participación: as dificultades que detectes, as oportunidades que consideres que debemos abordar..., todas as persoas que formamos a comunidade do Colexio debemos contribuír a mellorar este proceso de cambio para facilitar o avance. Porque neste proceso o fundamental non é a ferramenta, senón que as persoas que nos relacionamos a través dela poidamos sentirnos cómodas e confiadas, polo que o factor humano é crucial.

Relacións institucionais

■ A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu xunto coa vogal da Xunta de Goberno, Socorro Rodríguez Holguín, a unha xuntanza coa concelleira de Acción Cultural, Mercedes Rosón Ferreiro, para abordar cuestións de interese común entre ambas institucións, o 11 de decembro en Santiago de Compostela.

■ A vogal da Comisión de Intrusismo, M^a Concepción Prado Álvarez e o tesoreiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, mantiveron unha xuntanza co director xeral de Orientación e Promoción Laboral da Xunta de Galicia, Pablo Casal Espido, para abordar o papel da psicoloxía no ámbito do traballo, RR.HH e orientación laboral, celebrada en Santiago de Compostela o día 26 de novembro.



M^a Concepción Prado Álvarez



Miguel A. Chouza Ponte

En representación do colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, participou:

■ Xunto coa vicesecretaria, Alejandra Fernández González, no III Encontro Regional de Psicólogos do Norte, celebrada en Bragança (Portugal) o 8 de novembro.

■ No acto de presentación da Guía de Peritos 2019, en Pontevedra o 20 de novembro.



Alejandra Fernández González



II Encontro Regional de Psicólogos do Norte



M^a Rosa Álvarez Prada no II Encontro

■ No acto de entrega dos Premios Meninas 2019 con motivo da conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller, en Santiago de Compostela o 28 de novembro.

■ Na xuntanza anual do Observatorio Galego da Violencia de Xénero da Xunta de Galicia, en Santiago de Compostela o 18 de decembro.

■ Xunto coa Coordinadora da Comisión de Cultura, M^a Concepción Rodríguez Pérez, asistiu á xuntanza da Asociación Consensus, coa que estamos participando nun proxecto europeo, PRO.VI, que analiza a atención ás vítimas de delitos, incluída a atención psicolóxica, para detectar carencias e modelos de boas prácticas, para posteriormente difundir eses modelos para tratar de incorporalos nos estados. Celebrada en Lübeck (Hamburgo) os días 2 e 3 de decembro.

A membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), M^a Carmen González Hermo, participou como relatora no proxecto «Lugo co deporte, deporte con corazón», a través da conferencia «Carreira pola diversidade: un proxecto de deporte inclusivo», encadrada dentro da temática Deporte Inclusivo. Tivo lugar o 25 de outubro en Lugo.

O vicedecano e coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación, Hipólito Puente Carracedo, interviu no V Congreso Nacional e I Internacional de Mediación «Mediación: un mar de solucións», a través da mesa redonda «El estado de la mediación en Galicia: Subimos o bajamos?», na Coruña o 26 de outubro.


O presidente da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións, Carlos Montes Piñeiro, asistiu como relator nunha actividade formativa de abordaxe dos riscos psicosocial, na Confederación de Empresarios da Coruña durante o mes de novembro.

A presidenta da Sección de Intervención Social, M^a Leonor Galiana Caballero, participou:

■ Nunha xuntanza informativa sobre a participación cidadá, apoio social e voluntariado, celebrada na Universidade de Santiago de Compostela o 23 de outubro.



M^a Concepción Rodríguez Pérez



Mª Carmen González Hermo



Hipólito Puente Carracedo



Carlos Montes Piñeiro



Mª Leonor Galiana Caballero

- Nunha xornada de Inclusión Social para a abordaxe da atención ás persoas sen fogar e os prexuízos cara a este colectivo, en Ferrol o 29 de outubro.
- Na xuntanza do pleno do Consello Galego de Benestar Social en Santiago de Compostela o 31 de outubro.
- Na presentación do informe «Unha vivenda como refuxio» que abordou os itinerarios residenciais, en Vigo o 22 de novembro.

Xornada menores como vítimas na violencia de xénero



A colexiada Mónica Permuy López asistiu o día 8 de novembro á Xornada de Traballo Interdisciplinar do Proxecto «Os menores como vítimas na violencia de xénero», levada a cabo na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela ao abeiro das medidas de desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.



Eduardo Martínez Lamos

A vogal da Xunta de Goberno do COPG, Mª Concepcion Rodríguez Pérez, participou na inauguración das XXXIX Xornadas Nacionais de Terapia Familiar, celebradas os días 8 e 9 de novembro na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.



Mª Dolores González Fernández

O vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde, Eduardo Martínez Lamosa, asistiu á Xornada de Debate de Atención Primaria da Plataforma SOS Sanidade Pública, o 12 de novembro en Santiago de Compostela, así como a outra xuntanza da mesma plataforma o 12 de decembro.

A coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte do COPG, Mª Dolores González Fernández, acudiu o 12 de novembro á reunión da Comisión Galega de Control da Violencia, en Santiago de Compostela.

A vogal da Xunta de Goberno do COPG, M^a Concepcion Rodríguez Pérez, participou nunha mesa redonda das IX Xornadas de Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero 2019, en Ames o 21 de novembro.



Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó

Os coordinadores da Quenda de Garda Psicolóxica Especializada en Violencia de Xénero do COPG, Rubén Villar Trencó e Fátima López Rodríguez, participaron na Coruña o día 13 de novembro na II Xornada de Formación a Forzas e Corpos de Seguridade, coa finalidade de dar a coñecer o funcionamento deste recurso.

A representante do COPG na Comisión Galega de coordinación e seguimento da actividade fronte á infección por VIH/SIDA e outras ITS, Luisa M^a Blanco Caramés, asistiu á reunión desta comisión celebrada o 7 de novembro en Santiago de Compostela. Tamén asistiu aos Premios de Investigación sobre VIH e outras ITS 2019, o 29 de novembro en Santiago de Compostela.

A coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPVX), M^a Luz Losada Somoza, xunto cunha terapeuta deste programa, Ana María Pena Pereira, participaron na xornada «Menores, fillas e fillos vítimas de violencia de xénero», o día 12 de decembro no Concello de Ares.



M^a Luz Losada Somoza

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu:

■ Ás XI Xornadas Nacionais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero «Mulleres en situación de especial vulnerabilidade: inmigración, diversidade funcional, maiores, prostitución e trata, diversidade sexual», organizadas polo Consejo General de la Psicología e o Colegio Oficial de Psicología das Illas Baleares, que se celebraron en Palma de Mallorca os días 22 e 23 de novembro. No marco desta xornada asistiu tamén á reunión da Área de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología.

■ Participou na «VI Xornada de excelencia e innovación en Psicoloxía», organizada por Psicofundación, xunto co Centro de Enseñanza Superior Cardenal Cisneros, en Madrid o 13 de decembro.

Acudiu á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología e á reunión de Psicofundación, celebradas o día 14 de decembro en Madrid.

Sinatura de convenio entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) e o Grupo PSN



Momento da sinatura

O COPG e a Aseguradora para Previsión Sanitaria Nacional (PSN) asinaron o 13 de novembro un acordo de colaboración para o desenvolvemento da actividade profesional, proporcionando distintas solucións de cobertura e protección persoal das persoas colexiadas e de calquera outra servizo de carácter profesional.

Declaración institucional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia expresamos a nosa absoluta solidariedade e o apoio coas familias e seres queridos das 55 mulleres e 3 menores asasinadas consecuencia da violencia de xénero, así como cos 46 nenos, nenas e adolescentes que se quedaron orfos e orfas a razón destes crimes.

Como profesionais da psicoloxía demandamos este compromiso de implicación e de coordinación, que aborde a violencia de xénero de forma integral, con políticas preventivas e de intervención psicolóxica desde as máis temperás idades, para poder erradicar as desigualdades sobre as que se asenta a violencia machista.



[Enlace ao comunicado completo](#) na páxina web do Colexio.

Audiencia e información pública do proxecto de Estatutos do COPG

Na Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do 11 de decembro de 2018 informouse da modificación e actualización dos Estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, debido aos cambios normativos producidos desde a súa aprobación.

A Xunta de Goberno do COPG, na súa reunión ordinaria do 26 de novembro de 2019, aprobou o proxecto de Estatutos así como a apertura dun período de audiencia ás persoas colexiadas para que poidan realizar cantas achegas adicionais consideren oportunas, todo isto en cumprimento do artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas en consonancia coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Podes acceder ao texto do Proxecto de Estatutos a través da páxina web do Colexio e ata o día 7 de xaneiro de 2020 estivo aberto o prazo para presentar as alegacións e achegas.

É importante resaltar que unha vez recibidas as achegas realizadas, modificaranse os Estatutos, os cales deberán ser aprobados na Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas e despois deberán ser revisados pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, para poderen ser publicados no Diario Oficial de Galicia e que adquiran firmeza.

Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas

O 17 de decembro celebrouse a sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG, que, entre outros asuntos, aprobou os orzamentos para o exercicio de 2020, cun incremento na subida das cotas colexiais, que a partir 1 de xaneiro de 2020 pasara a ser de 105 € ao semestre.

Na xuntanza presentouse o informe sobre a actividade da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG en 2019.

Nomeouse a Elixio A. Domarco Álvarez, G-1110 coa distinción de Colexiado de Honra do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, co que se busca significar a súa entrega e desenvolvemento á profesión da Psicoloxía en Galicia.



Elixio A. Domarco Álvarez



Asemblea Xeral de Colexiados/as



Acto de benvinda aos novos e novas Colexiados

Benvinda aos novos Colexiados e novas Colexiadas

O día 17 de decembro, no marco da Asemblea Xeral tivo lugar o acto de benvinda a novos Colexiados e Colexiadas, un encontro específico no que se achegaron os distintos servizos que ofrece o Colexio e se deron a coñecer os modos de participación Colexial. Tamén interviu neste acto o presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía, Carlos Álvarez García, que realizou unha aproximación aos deberes deontolóxicos e as responsabilidades cívicas e penais dos psicólogos e psicólogas. Ademais contamos coa participación do membro da Comisión para a Defensa da



CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo



APELIDOS
NOME

G-7542
Número de Colexiado/a

O teu número
de Colexiación
ten moito valor
faino ver




Nome Apellido Apellido

Profesión e para a Prevención do Intrusismo e colexiado número G-0001, José Manuel Pazos Riveiro, que informou sobre o labor en prol da defensa dos dereitos e deberes profesionais da psicoloxía.

Fallo do XII Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia «Rosa de Cen Follas»

O 15 de novembro celebrouse a xuntanza do xurado do XII Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia «Rosa de Cen Follas», composto pola decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, a coordinadora da Comisión de Cultura do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, a poeta Iolanda Aldrei e o xornalista de La Voz de Galicia Joel Gómez, para deliberar o fallo desta edición.

Na categoría narrativa resultou gañadora a obra *Primeira* de Alberte Nomán Noval. A obra premiada en categoría poesía foi *Amatoria*, de Adela Clorinda Figueras Panisse.

O día 17 de decembro tivo lugar o acto de entrega de premios, no que se deron lectura aos textos galardoados.



O COPG e a FEGAMP presentan a campaña #PoloBoTrato

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) presentou por cuarto ano e con motivo do 25 de novembro, lanzamos o cartaz co «Decálogo de Concellos #PoloBoTrato» que se distribuíu en todos os concellos galegos así como nas catro deputacións, cunha serie de recomendacións para fomentar o bo trato no ámbito da igualdade de xénero.

Impulsando a psicoloxía nos concellos

O intercambio de experiencias, opinións e coñecementos proporciona oportunidades para avanzar de forma expoñencial. Desde a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deseñamos unha serie de encontros nos concellos cos nosos Colexiados e Colexiadas, baixo o título «Impulsando a Psicoloxía» para propiciar un maior achegamento entre o Colexio e os compañeiros e compañeiras que o integramos, coñecer a súa realidade a nivel profesional, os retos e as necesidades. Deste xeito, grazas a estas conversas locais poderemos obter unha información máis directa, máis próxima e optimizar o papel do Colexio, tanto cara aos Colexiados e Colexiadas, como cara á propia sociedade no seu conxunto.

O primeiro encontro tivo lugar o venres 20 de decembro no Concello de Baiona, onde nos recibiu o alcalde de Baiona, Carlos Gómez Prado, o concelleiro de Emprego, Óscar Carreño Miniño, a concelleira de Servizos Sociais, Concepción Vara Rodríguez, e a concelleira de Igualdade, Yasmina Moreira Costas.



Encontro no Concello de Baiona

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada na web do Colexio, na [páxina de prensa](#) e na páxina de [o COPG e os medios](#)

Redes sociais

 Facebook

 Twitter

 LinkedIn

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG, tendo como data límite o 15 de cada mes par.

Ligazón a
Psicoloxía
Educativa

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Xornada formativa

O 4 de decembro celebrouse no Salón de Actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a **Xornada «Recursos eficaces na prevención das adiccións sen substancia desde a Psicoloxía Educativa»**, impartida por Ana Belén Montesa Lou, psicóloga sanitaria G-4928. Experta en drogodependencias e especialista en psicoterapia grupal que desenvolve programas de educación afectivo-sexual e de prevención en condutas aditivas para adolescentes, as súas familias e a comunidade educativa en centros de primaria e secundaria de Aragón e Galicia. Tamén desenvolve programas de promoción da saúde no ámbito escolar en concellos e colexios públicos e privados en Galicia.

O obxectivo desta xornada foi o de facilitar recursos e material para poder sensibilizar o alumnado e profesorado ante estas adiccións desde a perspectiva da Psicoloxía Educativa.

A xornada foi coordinada por Manuela del Palacio García, presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, e foi moi ben acollida e valorada por todas as persoas asistentes.



Momento da Xornada

Ao remate da xornada celebrouse a Asemblea anual de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.

Psicólogos e Psicólogas Educativas nos Departamentos de Orientación

A presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa, Manuela del Palacio García, elaborou un escrito dirixido á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia sobre a necesidade de incorporar máis psicólogas e psicólogos educativos aos Departamentos de Orientación dos centros de ensino.

Varios

Manuela del Palacio García, presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG participou xunto con Olegaria Mosqueda Bueno no **Programa Enlaza** do Concello de Vigo (Pontevedra) contra a violencia de xénero, co obxectivo de identificar e erradicar os micromachismos entre a mocidade.

Nuria Lago Fernández, vogal da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG realizou o 18 de outubro unha entrevista para o xornal La Voz de Galicia, sobre o tema do emprego dos teléfonos móbiles por parte dos e das menores, os riscos que entrañan e a prevención de posibles adiccións.



De esquerda a dereita: Manuela del Palacio e Olegaria Mosqueda

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Ligazón a
Intervención
Social

Desde a Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social informamos de que o pasado 23 de novembro foi aprobado pola directiva a inclusión do Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM's.

Xornada formativa

O 21 de decembro tivo lugar na sede do COPG a Xornada «A mediación como ferramenta para a xestión dos conflitos no ámbito de asistencia psicolóxica ás persoas maiores». Impartida por Inmaculada Armadans Tremolosa, doutora en psicoloxía e directora do máster en mediación de conflitos da Universitat de Barcelona e investigadora especializada na análise e resolución de conflitos centrados no ámbito de traballo da psicogerontoloxía.

A xornada tivo un carácter eminentemente práctico. As persoas inscritas tiveron a posibilidade de enviar casos reais de conflito, dos cales algúns foron analizados co asesoramento da relatora no transcurso da actividade formativa.



Asistentes á Xornada «A mediación como ferramenta para a xestión dos conflitos no ámbito de asistencia psicolóxica ás persoas maiores»

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Benestar emocional

O pasado 7 de novembro, José Ortuño Vilurbina, vicepresidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, participou como relator nunha xornada formativa sobre «Benestar emocional» na sede da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC). Ao longo da súa intervención ofreceu ferramentas para aprender a manexar de maneira axeitada o estrés e mellorar as competencias emocionais, o benestar e a produtividade.

Ligazón
a P.T.O.



Xornada formativa sobre
«Benestar emocional»

Esta actuación está ligada ao convenio de colaboración que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia vén de asinar coa Confederación de Empresarios da Coruña para a promoción da xestión e o desenvolvemento das persoas na contorna laboral. En concreto, enmarcouse no proxecto IMPULSA PRL 2019, financiado pola Fundación Estatal par a Prevención de Riscos Laborais, que consiste nun programa de información e asesoramento técnico para PEMES centrado fundamentalmente no fomento dunha cultura preventiva que permita a implantación da PRL dunha forma eficaz e eficiente.

Colaboración con APEGA

A Sección de PTO participou o 21 de novembro nas Xornadas contra a desinformación organizadas pola Asociación de Psicoloxía Estudiantil Galega (APEGA) na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela; unha innovadora iniciativa que pretende achegar a realidade profesional ás futuras xeracións de psicólogas e psicólogos. O alumnado de 4º grado de psicoloxía, sen saír das aulas, tiveron a oportunidade de mellorar as súas habilidades de comunicación oral da man de José Ortuño Vilurbina, vicepresidente da Sección PTO. Esta xornada realizouse dentro do programa de actividades interactivas da materia «Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria II», impulsado pola profesora do Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da USC, Mar Durán Rodríguez.



PTO Encontro + café

Encontro PTO

O 30 de novembro a Sección de PTO organizou na sede do COPG unha nova edición de «PTO de encontro + café», un almorzo de traballo para presentar e debater sobre algúns dos principais retos que se avexiñan para a profesión. Nesta ocasión, a xornada estivo centrada na implantación da e-Administración e a seguridade informática, e o seu impacto na práctica psicolóxica. Contouse coa presenza de Julio González Morandeira, vogal da Sección de PTO, Jesús Álvarez López, director de sector público de SIVSA-KIOM Thinking

Group, e Miguel Ángel Domínguez Castellano, CEO de add4u.

Entre outros temas, abordáronse a necesidade de potenciar un enfoque interdisciplinario, a importancia da ética e a deontoloxía, e tamén se identificaron novos xacementos de emprego e oportunidades de traballo para as psicólogas e psicólogos do traballo.

Se traballas no ámbito da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións ou dos Recursos Humanos e desexas colaborar coa Sección, ponte en contacto co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Temos moitos proxectos por emprender conxuntamente.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

XXIV Xornadas da Sección

Os pasados 14, 15 e 16 de novembro celebráronse no Edificio da Área Panorámica de Tui (Pontevedra) as XXIV Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG que este ano levaron por título «Accesibilidade á atención psicolóxica durante e despois dunha catástrofe: experiencia Tui-Paramos».

Ligazón
Psicoloxía
e Saúde



Momento do acto inaugural das Xornadas

A conferencia inaugural correu a cargo de Daniel María Bugalho Rijo, doutor en psicoloxía e profesor auxiliar na Universidade de Coimbra, quen falou da intervención psicolóxica desde o Proxecto «Pinhal do futuro», no contexto dos graves incendios sufridos en Portugal no ano 2017.

Ao longo das diferentes conferencias e mesas, as persoas convidadas compartiron experiencias e reflexións sobre a intervención durante e despois de catástrofes, así coma sobre o coidado e auto-coidado das persoas que traballan neste eido. As persoas asistentes tiveron a oportunidade de escoitar a profesionais da psicoloxía e do traballo social, membros de asociacións de afectados, de Cruz Vermella ou do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, entre outros.

Membros do Comité
Organizador e Científico
das Xornadas



Como peche, a conferencia de clausura foi impartida por Julio César Martín García-Sancho, psicólogo clínico xefe de servizo de programas asistenciais de adultos e rehabilitación en Murcia, o cal versou o seu relatorio sobre a intervención psicolóxica tras os terremotos de Lorca no ano 2011.

As xornadas tamén foron a ocasión para presentar o novo número do Anuario da Sección de Psicoloxía e Saúde, que nesta ocasión leva por título «Segredos».

No marco das xornadas otorgóuse o premio ao mellor póster e mellor comunicación escrita presentadas nas xornadas. Nesta ocasión os gañadores foron en formato póster Zoraida González Cornide, colexiada G-5873, co traballo «Avaliación neuropsicolóxica no CADASIL: a propósito dun caso»; e en formato comunicación oral Manuel Castro Bouzas, colexiado G-1523, co

traballo «Prevalenza de conduta suicida na Área Sanitaria de Ferrol (2012-2014).

Finalmente durante as xornadas tamén se celebrou a Asemblea de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.



Anuario de Psicoloxía
e Saúde Nº 12



Participantes no Simulacro de Alvedro

Simulacro

O pasado 21 de novembro celebrouse no Aeroporto de Alvedro (A Coruña) un novo simulacro segundo o cal unha aeronave tivo que facer unha aterraxe de emerxencia. Esta simulación permitiu que os 7 membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias que participaron no mesmo, coordinados por Isabel Cabado Fidalgo, traballasen nalgúns dos diferentes escenarios que se poidan dar nunha emerxencia deste tipo, onde se atenderon os tripulantes e pasaxeiros leves e ilesos, que non precisaban atención sanitaria urxente, traballouse con familiares que estaban esperando, e practicouse a comunicación de malas novas.

Formación externa

Ana Isabel Martínez Arranz, secretaria e coordinadora do GIPCE coa Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, impartiu o 22 de novembro en Las Palmas de Gran Canaria unha charla sobre «A función do/a psicólogo/a de emerxencia, xestión do GIPCE, traxectoria e intervención no Alvia».



Ana Isabel Martínez Arranz



Asistentes ao encontro Vozes contra a Violencia

Encontro «Vozes contra a Violencia»

O 25 de novembro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organizou na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela o encontro «Vozes contra a Violencia».

Un encontro de voces poéticas, musicais e artísticas en xeral, arredor do Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller na que participaron Alexandre Brea, Belén de Andrade, Marilar Alexandre, Concha Rousia, Cruz Martínez, Guadi Galego, José Manuel Barbosa, Ro Palomera e Rosanegra.





Comisión Galega da Violencia

A coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte, M^a Dolores González Fernández, participou o 12 de novembro e o 29 de novembro (vía telemática) nas reunións da Comisión Galega da Violencia na que se abriron novos expedientes relacionados con casos de violencia en diferentes escenarios deportivos acontecidos nas últimas semanas. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia continúa así formando parte activa da Comisión Galega da Violencia, que ten entre as súas funcións a de sancionar os comportamentos violentos nos diferentes ámbitos deportivos, así coma o de previr que ditos comportamentos teñan lugar.

TRÁFICO

GRUPO DE TRÁFICO E DA SEGURIDADE

Ligazón á web

Grupo de traballo de Amaxofobia

O Grupo de traballo de Amaxofobia do Grupo de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do COPG presentou o traballo realizado no marco das IV Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade celebradas na sede do COPG os días 8 e 9 de novembro. Así mesmo, solicitouse a incorporación de aqueles e aquelas profesionais interesadas para a constitución dunha rede en cada unha das cidades e vilas de Galicia de cara a poder atender este tipo de demandas que se poidan recibir no Colexio.

A constitución desta rede será o obxecto de traballo nos primeiros meses do ano 2020 de cara á posta en marcha seguindo un mesmo protocolo de intervención.



Portada do tríptico sobre Amaxofobia

Membros do Grupo de Amaxofobia na súa intervención nas IV Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico



Desde o Grupo de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade invitamos a todas e todos os profesionais sanitarios que desde o ámbito da práctica privada poidan estar interesados contacten coa administración do COPG e posteriormente a Coordinadora do Grupo poñerase en contacto para informarlle.

Programa Psicoxial e Xornadas de Concienciación

O 30 de novembro rematou o segundo grupo das Xornadas de Concienciación que se estaba a celebrar en Ferrol.

Por outra banda, está previsto o remate do Programa Psicoxial 2019 a principios do ano 2020.

Regulamento Interno do Grupo de Tráfico e da Seguridade

Convidamos os colexiados e colexiadas con interese en formar parte do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG a que formalicen o seu acceso. Só cómpre asinar certos compromisos vinculados ao Regulamento Interno do Grupo (Anexo III), ao que se pode acceder a través do seguinte [enlace](#).

División de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade

Informar que desde a División de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología traballáronse dous documentos:

- _ O primeiro é o proxecto da acreditación de Psicoloxía do Tráfico, tendo en conta todos os ámbitos posibles que recolle o perfil, decidiuse continuar polo que ten o rol máis consolidado como é o dos Centros de Recoñecemento a Condutores (CRC).
- _ O segundo documento é o curso de formación do FOCAD para intervención en carné por puntos (PXP).

Animamos as colexiadas e colexiados a participar dos proxectos da División, inscribíndose á mesma. O procedemento e requisitos para a inscrición atópanse no [enlace da web do Consejo General de la Psicología](#)



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 690 846 782

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL E LABORAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



Ligazón á web

O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Coñece o Código Deontolóxico, así como o marco legal no que se leva a cabo a túa práctica profesional.
- Actúa con responsabilidade. O descoñecemento da lei e das normas non te exime de responsabilidades

Como xa sabes, a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, ademais de responder as consultas e instruír expedientes de queixas presentadas no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, ten unha función formativa. Dita función implica impartir cursos e seminarios co obxectivo de incrementar o coñecemento e unha maior conciencia da importancia das normas éticas e deontolóxicas que deben rexer o noso traballo.

Neste sentido a Comisión, xa desde hai varios anos, participa dentro do programa da materia do Prácticum para estudantes de 4º de grao de Psicoloxía da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, cun seminario sobre o tema en cuestión.

Na última edición, celebrada o pasado mes de outubro, o devandito seminario estivo estruturado en cinco módulos:

- _ Módulo I: Presentación do seminario. Principios éticos xerais.
- _ Módulo II: Dilemas éticos – Toma de decisións éticas.
- _ Módulo III: Aspectos éticos e deontolóxicos en Psicoloxía Aplicada I. Contextos sociais, educativos e organizacionais.
- _ Módulo IV: Aspectos éticos e deontolóxicos en Psicoloxía Aplicada II. Contextos clínicos e xurídicos.
- _ Módulo V: A ordenación colexial da profesión. A Comisión de Ética e Deontoloxía.

Desde esta Comisión gustaríanos resaltar o grande interese e a boa acollida que tivo esta formación e a importancia de levar a cabo unha pedagogía deontolóxica xa desde o grao da facultade.

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

FORMACIÓN INTERNA DA QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA E PERMANENTE PARA MULLERES E FILLOS E FILLAS MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Data: 25 de xaneiro de 2020

Lugar: Aula 11 da Facultade de Psicoloxía da USC
Santiago de Compostela

Organiza: Quenda de Garda Psicolóxica Especializada e
Permanente para Mulleres e Fillos e Fillas Menores que
Sofren Violencia de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía
de Galicia

FORMACIÓN DO PAPMVX E ABRAMOS O CÍRCULO

Data: 15 de febreiro de 2020

Lugar: Aula 11 da Facultade de Psicoloxía da USC
Santiago de Compostela

Organiza: Programa PAPMVX e Abramos o Círculo do Colexio
Oficial de Psicoloxía de Galicia

CURSO ACTUALIZACIÓN EN AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓXICA EN PACIENTES CON DIAGNÓSTICO EN ENFERMIDADE DE PARKINSON

Data: 28 e 29 de febreiro de 2020

Lugar: Salón de actos - planta sotano do
Hospital Marítimo de OZA
A Coruña

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CURSO ASPECTO ÉTICO-DEONTOLÓXICOS NO TRABALLO CON MENORES E AS SÚAS FAMILIAS

Data: 28 de marzo 2020

Lugar: Salón de Actos do COPG
Santiago de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

FORMACIÓN DA QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA E PERMANENTE PARA MULLERES E FILLOS E FILLAS MENORES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Datas: 29 e 30 de maio de 2020

Lugar: Aula 11 da Facultade de Psicoloxía da USC
Santiago de Compostela

Organiza: Quenda de Garda Psicolóxica Especializada e Permanente para Mulleres e Fillos e Fillas Menores que Sofren Violencia de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

III XORNADAS ESTATAIS DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA. SEMPRE EMOCIONANDO

Datas: 2 e 3 de outubro de 2020

Lugar: Salón de Actos da Facultade de Psicoloxía da USC
Santiago de Compostela

Organiza: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Consejo General de la Psicología

FORMACIÓN DO PAPMVX E ABRAMOS O CÍRCULO

Data: 6 e 7 de novembro de 2020

Lugar: Aula 11 da Facultade de Psicoloxía da USC
Santiago de Compostela

CIRCULAR

INFORMATIVA

Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Comisión de Ética e Deontoloxía

Últimos Colexiados/as







Cursos, Xornadas e Congresos

Servizos aos colexiados

Medios de comunicación

Relacións Institucionais

Avisos e anuncios





Rúa da Espiñeira, 10 Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h
Venres de 9.00 a 15.00 h

Redes sociais

Facebook:

www.facebook.com/copgalicia

Twitter: @copgalicia

LinkedIn: [www.linkedin.com/
company/copgalicia](http://www.linkedin.com/company/copgalicia)

Instagram: [www.instagram.com/
copgalicia/](http://www.instagram.com/copgalicia/)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 282 e sairá a principios do mes de marzo de 2020.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de febreiro de 2020.

Por acordo da Xunta de Goberno do COPG, a partir de 2020 a Circular Informativa só se enviará en formato dixital.



FALAR
DO SILENCIO
NON É TABÚ,
É A VIDA



Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

FALAMOS?

Pon a túa saúde só en mans de profesionais.